

Obradoiro: ACHEGÁNDONOS AO CONFLITO. HABILIDADES PARA A XESTIÓN DO CONFLITO

[En colaboración con: Concello de Sada - Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	25, 26, 29, 30/06/2020	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	9:30 -14:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Salón de Plenos do Concello de Sada, Avenida do Porto, 24, Sada		
PERSONA DE CONTACTO	Luisa Celis Sanmiguel (AEDL Concello de Sada) www.aedlsada.gal	teléfono	620765150
		e-mail	aedl@sada.gal

PARA INSCRIBIRSE [prema aquí](#)

OBXECTIVOS

- Comprender que o conflito é algo natural que está presente na nosa vida.
- Coñecer as diferentes fontes das que xurde o conflito.
- Coñecer e experimentar os diferentes estilos de afrontamento do conflito.
- Achegarnos a xeitos construtivos de xestionar as situacións de conflito.

PROGRAMA

Módulo 1.- O conflito está no aire
Módulo 2.- As fontes do conflito
Módulo 3.- Estilos de resolución de conflitos
Módulo 4.- Pautas para a xestión das situacións conflitivas

CONTIDOS

1º sesión.- Presentación de Espazocoop e da Rede Eusumo. Que é o conflito? Emocións e conflito. Aspectos positivos do conflito. Consecuencias do non afrontamento do conflito.
2º sesión.- De onde xurde o conflito? Como afrontar a situación de conflito dependendo da orixe deste? Habilidades de comunicación.
3º sesión.- Estilos de resolución de conflito. Estratexias gañar-perder. Estratexias gañar-gañar. A busca creativa de solucións aos conflitos.
4º sesión.- A actitude cara a resolución do conflito. As competencias que debemos desenvolver. As preguntas as que debemos dar resposta para avanzar na solución do conflito.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Proponemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións .A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

Persoas emprendedoras interesadas no autoemprego cooperativo; persoas interesadas en xeral. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.